

Crónicas da infamia

Unha colección (maiormente inédita) de estampas

Todas as personaxes e situacións descritas nesta serie de relatos son rigorosamente inventadas. Calquera parecido con situacións reais non deixaría de ser unha coincidencia.

Voaba baixo. Como bexato buscando os pitos. Lembraba o sorrir de Fátima, os andares graciosos de Miriam, a ola na cabeza, unha rolla no couquizo e aquela ola danzando na cabeza, sostida pola man esquerda, mentres a dereita lle acenaba, dicíndolle que camiñara, que non se entretivera cos moinantes que sempre rondaban polo pozo, aquel pozo cunha auga tan fresca como unha noite de inverno.

Acordaba o baile das palmeiras na tardiña, a nube de po da caravana achegándose, o barro esbrancuxado da casa, o pai aloumiñándolle o couquizo na porta mentres pregunta que caravana é aquela, súa nai que responde sen baixar a ola cunha confesión de ignorancia. Unha morea de pó erguíase na distancia.

- Non son camelos - dixeran, e non eran, non eran. Eran Land-Rovers apertados, ategados de uniformes rotos, de rostros de aceno grave e fala autoritaria, homes que se ciscaron na estrema do oasis, que forzaron a tranquilidade do lugar violentándoa cun bulir salvaxe e un aceno de ira no mirar.

Tivera que mirar aquilo dende a fiestra, empuxado, acutifado polo pai a buscar o acubillo sombrizo do cuarto, de par de súa nai inclinada cara o Leste besbellando pregarias. E das pregarias naceu un murmurio que axiña medrou a balbordo, un tronar seguido que alagaba o ceo, un ceo que deu en cuspir lume sobre aquelas figuras que caían atravesadas polas balas, e, como se aquilo non bastara, abriu as portas do inferno para deixar caer nas casas de osamia fráxil a vinganza feroz do napalm, os corpos ardían coma fachos, coma tizóns, e quedaban espaxados na area, carbóns ensanguinados e inertes cruzados sobre o adobe, carbóns que adquiren rostro e nome cando o silencio, ese inimigo, volve para acocharse na desolación, coma un león cheo. Recoñeceu os rostros deformes, os membros amputados, os ventres abertos. E agora, mentres voaba baixo, foinos chamando polo seu nome.

Aquela mañá erguérase cedo. Coma sempre. A rutina de descubrir en cada madrugada “os dedos rosados da aurora” quitáballe un pouco de mérito ó espectáculo. Claro que, aínda así, tiña que renderse á evidencia e admitir que contemplar o sol arrancando o manto de escuridade desde o Leste era un espectáculo polo que pagaba a pena o traballo de todos aqueles anos nos que... Perdera, si, deixara cousas no camiño. Paul... a pesar de todos os pesares aínda lle baixaba un arreguizo polas costas, aínda lle proía a palma das mans, aínda se lle facían un nó as tripas ó lembrar. Marchara porque estaba casado cunha ausencia, dicía. Debía seguir en Princeton, coas súas clases de Química, o seu laboratorio fumegante -de sempre o imaxinara entre pipetas e probetas fumegantes, desde lle dixera que era químico- e a pinga de malicia que lle caía polo sorriso cando ela lle dicía que cheiraba a lixivia, por amolalo un chisco; el insistía unha vez máis describindo un traballo que ... a aburría soberanamente, e víñalle o sono, caía rendida sen decatarse. O espertador incendiaba o silencio a eso das cinco, pero el nunca o sentía. Eso lle parecera ata que aquela pinga de malicia que lle atravesaba o sorrir de cando en vez dixera, á saída do tribunal - Xa non vou ter que oír ese maldito espertador nunca máis.

E aínda non quedaran mal. Levábanse a ben. As dúas raparigas adorábano. Quedaran con ela, claro, como había ser senón? Non as vía moito, e elas tampouco parecían estrañala. Viña buscalas unha fin de semana si e outra non. Viría esta fin de semana. Marcharía con elas algures, mentres ela quedaba dando voltas polo apartamento, correndo por Central Park ou... Quizais aceptara a proposta de George. Florida soaba ben. Los Cayos. Volveu os ollos ó nacemento do día, agarrando a taza de café, humedecendo os labios naquel negror morno e doce. Foi ó erguer a vista que lle pareceu notar algo estraño naquel avión que se achegaba. A taza caeulle das mans. Era día claro. Quixo coller o teléfono.

Tiña o televisor prendido. Gustáballe sentilo rumbar: facíalle compañía. As palabras enchían o ar, mentres remexía no café, apuraba as novas do xornal e mastigaba os planos para unha mañá de lecer. Quixera cambiar o turno para poder ir á casa no voo da noite, pero Ralph tivera que marchar escopetado para a casa: o neno tivera un accidente. El tiña dous. Dous nenos, non dous accidentes. Un cativo de oito e unha princesa de seis. Estrañábaos. Naquel recuncho estrañábaos moito. Xa lle tocaba de os ver. Axiña había estar na casa. Lonxe de aquel bungalow enterrado na area, lonxe do zunir constante do trebello do ar condicionado, lonxe do burato aquel no que pasaba as horas de garda encerrado e mirando como espesaba o ar, por facer algo.

Algo raro lle petou na orella e foi, coa taza do café aínda na man, ó sofá que tiña colocado enfrente do televisor. Aquelo era Nova Iork. As torres. Deulle un brinco o corazón a compás da pregunta: que lle pasaba a aquela torre? Ardía! Non podía ser... el estivera alí, subira nos ascensores, andara nas terrazas, vira as medidas de seguranza... Como puidera prender aquel lume? Fora a voz do trebello, ou por mellor dicir, unha de aquelas voces que peterrexaban por alagar o espacio electromagnético, a que o informou. Un aeroplano acababa de se esnafrar contra aquela torre que ardía. O que? Non lle cabía na cabeza aquela posibilidade, así que pegou os ollos á pantalla. Entón estoupou a segunda torre, a torre Sur. Lisa traballaba alí. No piso 97. Contemplou horrorizado como as chamas lambían o cristal das fiestras dos pisos altos, a xente acenando, desesperada, e xa lle caían as bágoas antes de coller o teléfono que só repetía

- Sobrecarga das liñas. Chame máis tarde.

Ou algo semellante. Lembrou a Robert de Niro naquela película, co casco na cabeza, repetindo que non hai salvación posible por riba do sétimo andar. Logo soou o teléfono, vestiu o uniforme e volveu á base.

E agardou que aquela luz vermella se volvera verde, para poder darlle volta a chave e pórlle lume ó mundo.

Sir John Gielgud acariñou o couquizo de aquel can que o acompañaba, mentres sostiña unha copa de cognac na outra man. Decidiu pousar a copa na mesiña de lectura, onde unha luz vivía para lle alumar as lecturas. Dáballe voltas ó informe. Ergueuse, con gana de estirar as pernas; as pernas adurmiñadas polas horas pasadas diante do lume. Achegouse á fiestra, mirou caer as pingas de auga sobre os campos, sobre o céspede, sobre a gravilla e, finalmente, sobre as rosas que beireaban o edificio, rodeándoo cun abrazo afectadamente perfumado. Sempre lle gustara aquel salón, a ras de terra. Nunca lle gorentara esa vulgaridade dos americanos de se subir a unha torre por se asemellar ás aguías. Se algunha vez se parara a perder dous minutos en pensalo el conformaríase con ser un tigre, un xaguar acaso, se tiña o día proclive ó exotismo.

Mirando chover aceptou que non lle quedaba outro remedio que renderse a aquela suxestión, e conseguir unha baixa dos prezos anque fora a causa dunha mingua temporal dos beneficios. Era unha necesidade estratéxica do combate contra o terrorismo internacional. Eso lle dixera por teléfono o...

Había días que lle daba voltas á cousa. O normal tería sido deixar que os prezos aumentaran, contra todas as “suxestións”, para compensar o risco derivado da inestabilidade. El sabía que, coa recesión ás portas, calquera golpiño de aire acabaría de llas abrir. E non podían permitirse dúas derrotas tan xuntas -dixérallo Louders, do Foreign Office entre dous grolos de viño, cun aceno de cinismo. Por eso el, e outros, dedicaríanse a manter o prezo por baixo da realidade. As insinuacións chegadas de aquí e de alá convencérono de que o mundo estaba a punto de dar outra volta, e había tempo que sabía que os negocios, os verdadeiros negocios, nunca tiñan nada que ver co presente. Nin coa tranquilidade. Recibiu cun sorriso os novos tempos, abandonou a fiestra e a choiva, levantou o teléfono e comezou a dictar ordes de compra e ordes de venda.

Caía a noitiña cando Rosalie, a súa muller, se atreveu a petar na porta daquel santuario. El abriulle a porta e sorprendeuse do seu comentario.

- Quen vai ser a próxima vítima?

Levaban demasiados anos xuntos.

Cousa sabida. O conto estaba en ver que resultaba de todo aquilo, díxose, cun asomo de inqueda no ollo que miraba de esguello a táboa de índices, a taxa do interbancario e a evolución do Euribor. O outro ollo vagaba polo hiperespazo bancario agardando a letra do hipotecario que había caer a fin de mes, indagando como había responder á súa ansiedade a renovación anual, que medio punto non é nada, din, pero sacudir sacude que dá gusto, e parece mentira, pode que ate baixen e todo, alegrar alegrárase se non fora a mala conciencia, aquela que lía a Sartre cando a inocencia das vítimas era o mesmo escrúpulo que agora, e, ben pensando, maldita a hora na que lle dera por ir vivir á residencia aquela, tan ben que o pasara, si, pero estaba tamén Ahmed, Alí, Tariq e... os demais, era divertido por a kufillah, era así como se chamaba o pano aquel a cadros? Berrar OTAN NON, IANQUIS FORA, seguro que hai fotos, sempre hai fotos, e tal e como son estes cafres, calquera día recortan unha e apareces ó lado de alguén que hai anos que non viche, e xa está o lío armado, que lle vas contar á muller, á nena pequena que de sotaque descubre que es un sicario de Ben Laden? que manía de chamarlle a un polo nome de seu pai! E despois falarán da convivencia de civilizacións... se polo menos tiveran algo de conta da lingua! E, onde se víu que a ignorancia tivera conta da lingua? Libertade Duradoira: quen che puxo a navalla na gorxa, Xurxiño Matogueiras, que cousas pasan, encher o tanque, si, encher o tanque que baixou o gasoi e a min estes non che ma dan, que no Nadal ha subir coma un foguete. Trescentos quilómetros de ruta, catrocentas capillas ofrecendo o xénero, e dicindo si, están tolos, e si, xa lles cumpría un escarmento, que se crerán estes, e de onde caeron os outros, amén, amiguiños si, pero a vaquiña polo que vale.

Soñar un mundo novo e acabar así. Igual chega a bomba á catedral, co estoupido aparece petróleo, e xa está, Uxío, daquela xa está a terra liberada, que toda a terra é dos homes, o caso é que non nos toca todos a mesma, e...

- Rapaz, ponme unha tila.

Todo estaba tranquilo en Jalalabad aquela noite. E tamén nas montañas. Puideran ver caer as bombas, días e días caendo as bombas, días e días oíndo o rumbar coma de trono, pero máis seguido, dos avións. Uns avións que de noite ciscaban sangue polo día botábanlle penso, coma se foran animais ós que alimentar para o matadoiro, eso era o que lles dicía o mulá, e tamén que un bo musulmán non contaminaría o seu espírito con aquela carne de porco que tiraban os malditos americanos para... para... puxérase vermello e non dera seguido. Todo estaba tranquilo nas montañas, mentres o lume ardía nun recanto para arredar o lar aquel da friaxe que reinaba no exterior. A neve caera en folerpas grosas, caéralles enriba todo o camiño, case non deran chegado, pero mirando a Yusuf, aquel home de ollos verdes que coñecera Isbiliya e recitaba de corrido versos de Mu'tamid, mirando aquelas costas que nunca se domaban, puidera resistir aquela camiñada, o peso do seu irmán pequeno, que finalmente cargou Yusuf, e do fusil, que gardaba no cargador, gracias á misericordia de Alá, tantas balas como lle cabían. Foi entón que lle pareceu sentir un ruído, un golpe seco, e, por precaución, chamou a seu irmán e mandoulle que se metera por baixo dun vurullo de mantas e non se movera ata que llo dixera.

Logo axexou por unha regaña na contra que non daba tapado a entrada do frío. Unha sombra movíase entre as casas. ¿A sentinela? Podía estar morta.

Espertou a Yusuf, que non se enganou: amartelou e pegou a disparar. Dúas de aquelas figuras negras caeron antes de que o rebumbio convertera a aldea nun inferno. Yusuf ordenáralle quedar na casa. Gastara todas as balas; unha figura negra víñaselle enriba: achegábase á casa coa arma na man, lento e coidadoso. Rematou a Zawi, e deulle volta ó cadáver de Habus. Logo pegou unha patada na porta, entrou e quedóuselle mirando. Tiña o fusil na man, pero Alá non lle deixara unha bala. Agarrouno polo cano e botouse contra aquel fantasma. O camiño do paraíso cheiraba a pólvora, pensou mentres caía, sen ver como aquela figura se perdía na noite, outra vez silandeira.

As aspas do helicóptero xiraban a pouca altura e o home vestido de negro quitou o pasamontañas. Unha pedra atravesou o cristal escuro da noite, dacabalo dunha voz case infantil. Era unha ameaza?

A trabe de alcatrán

A viña

Levántase. Lávase. Almorza. Colle a roupa vella. Os tecidos queren romper o abrazo das costuras. O pantalón esfiaña no fondo. Baixa ó garaxe, mete os tarecos no maleteiro, séntase detrás do volante e prende o coche. O automóbil recoñece cada curva. Chega á casa. Múdase. Sae á carreira. Colle prá dereita. O día acéndese de Sol, pero os ollos vánelle ás beiras do carreiro. Detrás das beiras. Dous días antes unha verde alegría brincaba detrás dos valados. Envoltas na frouma, abaneábanse as promesas: acios diminutos como palabras de neno, espesos nas varas como a mirada dos amantes.

Cavar. Escaravellar . Rendar. Sulfatar. Axofrar. Todo polo viño. Todo para a pequena emoción de erguer un vaso e sentir que esa mesma luz que o atravesa brincará no seu corpo cando o viño alcance os labios.

Mentres camiña, vai mirando as follas queimadas, as varas caídas, as perdidas promesas que habitaron as ansias doutros. Algo quedará, pensa. Algo ha quedar.

Algo ha quedar de tanto soño. Algo tivo que aguantar o xeado golpe dunha invernía traidoramente conducida por unha aœelerada primavera. Está chegando, e a inquedanza consúmeo. Pero aínda ten esperanza. A pesar do que lle din os ollos. A pesar do que lle di a cabeza. Chega. O Sol arde no cima do ceo. Abrasador presaxio de trebón. Mira, detrás da parede, como estoupa o seu degaro. E cae, rendido pola evidencia, sentado . E sentado nunha pedra contempla, con amargura, con que facilidade o ceo esmaga o froito da perseveranza.

Está canso. Alágalle o corpo o cansazo de todas as xeiras. Non queda nada. Nada. A tristura das cepas achégaselle ós ollos. Quere chorar, pero non quere, ou non sabe, ou non pode. Unha carraxe cega nácelle no peito. Mira pró ceo. O Sol arde no cima, como unha broma do demo. Quédaselle mirando ás cepas. Está canso, e triste.

Aperta a tiseira na mao, vaise á primeira cepa, estúdiaa como se fora un problema de álgebra, e empeza a podar.

O momento

Levaba media vida preparándose para unha situación coma aquela. Ou quizais non. O conto é que as cousas sempre chegan cando xa non se agardan, se é que chegan. Puido lembrar unha frase de Don Amador, el, tan católico, recitando adagios pagáns. “Os deuses compracen a quen queren mortificar”. A traducción, perdida a frase orixinal no transcurso dos anos, xa non sería exacta, pero ese era o sentido. Podía ver os cabelos brancos de Don Amador, os ollos grises alampando: “Vísteme despacio, que teño presa”. Si, era sentencioso o home, aquel pedazo de humanidade redonda e satisfeita co seu lugar no estudio do Seminario, na aula de grego, nos recitados de latín “Odi et amo”. Eso non llo sacara a el, pero o río sempre nace na fonte, e despois, pasadas xa as dúbidas, o tío Anselmo pagou a Enxeñaría do rapaz. Sentiu o sacho do pai fendendo a terra da horta: “escapa neno, escapa se podes”. Non o dicía, nunca llo dicía, pero el sentía aquel peso enriba: o peso da débeda.

-Dálle as gracias ó padriño, neno.

-Moitas gracias, padriño.

“El que a buen árbol se arrima, buena sombra le cobija” Madrid era tan grande que nunca a viu, coas casas... Primeiro a facultade, despois a oposición, por fin o ministerio. E todo o tempo gabeando e agachando a cabeza: si señor, como vostede mande.

-Hai un pequeno problema. Resólvao González.

E González resolvía, e no verán escapaba: primeiro un mes, logo quince días, e por fin xa nada, que aquela muller súa non quería saber nada da casa sen auga corrente nen...

Yo no vuelvo a esa pocilga

E aí quedara a cousa. As novas da casa recibíaa por carta, ó primeiro, e logo por teléfono.

Xa teñen teléfono, mira.

Non te esfuerces que non vou – era sempre a mesma e implacable resposta.

Podía espertarlle o rancor, que ben que lle metía o dente ó xamón e ós chourizos que sempre acababan por chegar, pero o ánimo xa o tiña canso cando naceu a rapariga para andarse con liortas por un ir non ir a un funeral. A súa vaidade agradecía os pequenos trunfos no ministerio, os ascensos outorgados pola confianza dos seus superiores, sempre atentos aquela súa lealdade absoluta ó mando, lealdade que o erguera ó cumio absoluto do escalafón sen ter pisado un estaleiro ou visitar o mar máis que aquela vez que foran esperar polo tío, que Dio-lo teña na gloria, á que ascendera directamente desde o chalé do barrio de Salamanca que lle deixara en

herdo e que dificilmente mantiña con algúns arregliños que sempre argallaba nos papeis para quen llos pedía.

Aquelo colléao acabado de rematar o Plano de Continxencia para Emerxencias Medioambientais por Contaminación por Hidrocarburos. O carallo era que o Sr. Ministro marchara de caza e dixérallo ben claro:

Que non me molesten por nada.

E como responsable sen responsabilidade deu unha suxestión cando atendeu aquela chamada da Capitanía da Coruña:

-Botade ese barco fora. Mar adentro, o máis lonxe que se poda.

El cumpriu. O Sr. Ministro podía descansar tranquilo. Estaba oíndo a seu pai, mentres colgaba:

“carneiriño manso mama na súa nai e na allea”. E despois volveu ó inferno, satisfeito.

Ollos e ollos

A mañá non era boa. A borraqueira entraba con canseira e, pousoa, asentaba contra a serra, deitando, fungona, o seu alento húmido sobre a vila. O cemento das beirarrúas, recén limpo no cima da carreira, aparecía xa enchoupado mentres a choiva –finísima voaxe prateada- construía pingadas nas esquinas dos canalóns, incapaces de recoller un fluír tan ciscado polo ar. A auga parecíase a de outras mil amañecidas, e Antonio, os ollos pitoños por tras da fiestra, estraña o bulir mañanceiro das rúas esa canseira que empurraba peirao arriba e abaixo á xente, ata facer negrear o cemento coa morea de homes atafegados...

Estrañaba o tóspiro de caña, a noite aberta polas navalladas das farolas, as redes pesando nos brazos, cheas, mediadas ou baleiras. Estrañaba o parolar rebuldeiro da lonxa, o aballoamento logo da descarga, os pasos pesados logo do traballo: un pé empuxando ao outro á cama. Faltábanlle mañáns de espertar sobresaltado e sobrábanlle mediodías alongados de partida e berros:

-Pero como me picas o tres?

-E eu que sabía que era teu?

Nunca fora bo xogando ás cartas. Non era quen de poñer atención no xogo. Non era máis que outra maneira de matar o tempo. Matar o tempo.

A mañá facíase un correr seguido cando tiña algo que facer. Agora contaba os minutos no reloxo da praza, alá embaixo, sen nada que rañar.

Viunos. Viunos baixar pola carreira, coma formigas brancas, homes e mulleres dentro de aquelas fundas... Forasteiros todos, ou case. Había algúns na vila que andaban entre eles. Chamou pola muller:

-Míraos: aí van, outra vez...

-Manda de paiaos! –di ela.

-Que che fixeron?

-Vir onde non os chamaron.

Non quixo discutir. Por unha vez. Tampouco entendía ren. Cobrar e calar. Por unha vez que a sorte se pon da túa banda... Seguiu mirando como facían o camiño, entre risas e cantareñas. Parecían animados. Os pailanciños non sabían o que lles agardaba. E se o sabían e teimaban, máis burros eran.

O alcalde ofrecéralles unha paga por ir limpar, tamén a eles, pero coa muller e os rapaces apuntados no rol, e todos cobrando por non a pegar, todos lle dixeran no bar da cofradía que mellor petara noutra porta.

-E cando se acabe a deste, que se afunda outro! –berrara un lampantín.

-Nunca tan ben se viviu!

Case conseguira convencerse mentres levantaba o trunfo.

A xatiña

Tíñalle lei. Aquela xatiña de ollos amusgados sempre lle entrara polo ollo. Xa a nai, aquela Gallarda de pelo negro coma carbón e cornas dereitiñas coma fusos tiña unha estampa ben fina. Pero a xatiña... A xatiña era outra cousa. Aquel cariño que sentía era recíproco: non ben entraba o home na corte xa muaba a xatiña. Serían acordos, lembranzas dos primeiros días. Acordábaselle, seguro. Cáelle unha bágoa ó acordar. Ai! O camiño, a pista, o coche que sae de tras da curva pita, a Gallarda brinca e parte as pernas no valado. A xatiña agardando polo leite na corte e o home coa nai agardando na estrada polo veterinario.

-Non hai nada que facer. Avisa ós do seguro -dixéralle.

Chama. O home chama, pero é venres, xa irei, xa vou, pero non chega. Volve chamar: mañá. E a Gallarda aguantara a noite, deitada na cuneta, ó sereno, as pernas rotas, muaba. Partíasele o corazón se lle miraba aqueles ollos, de tan mouros case verdes... e, coma se quixera chorar o animal.

Había que matala, si, había que a matar dunha vez, pobre animal, pensaba o home, pelexando coa xatiña para que tragara o leite do biberón, e ese cabrón non ven, matina, a noite enteira o animal fora e ese animal non ven, claro, como é sábado... Onde se meterá ise carallo? Sentíase o animal berrando, alá, ó pé da carretera, e cada vez que o sentía abríalle a carne un coitelo ardendo. Volvía chamar, pero non daba sinal de vida o homiño. Chamaba, e non había quen collera o teléfono. Non podía pasar por aquel camiño. O sábado fórase con pouca présa e o domingo non daba pasado. A unha hora deixou de se queixar o animal. Pouco despois do mediodía. Erguérase da mesa ó non a sentir, e marchou onda ela. Alentaba, aínda. E cando o viu chegar, como que quixera erguer a cabeza, e... Non soubo o que lle pasara polo peito: marchou á casa, e meteuse na cama.

Á mañá do luns xa entrara ben entrada cando o espertou o claxon dun coche. Era o do seguro.

Erguerase da cama, paseniño, e baixou onda el. Traía un sorriso brillante na cara.

-Xa estou aquí, e con cartos frescos! - dixera, e estendeulle un cheque.

O home miráralle, recolleu o cheque e cuspiulle nos pés. Pensouno dúas veces e non foi pola escopeta. Agarrou o balde de cinc e foi munguir a Morita, para encher o biberón da xatiña.

Aquelo fora habería para aí dous anos e aínda lle doía. Pero esto. Isto era a morte. Rañoulle a testa á xatiña e acordou aquela noitiña da semana anterior, cando ó chegar ó prado, vira á xovenca brincando arredor dunha vaca ratina, vella, que non era do lugar, ou eso lle parecía... Arredáaa da súa facenda e deixáaa alí, pacendo.

Preguntou ós veciños. Ninguén soubo darlle razón. Chamou á Garda Civil, pero non había denuncias de extravío ningún. E alí quedou, ata que morreu ó cabo dunha semana. Despois viñera o veterinario, e dixéralle que lle tiña que facer unha proba ás vacas. Deixáralle facer. E hoxe volvera.

-A xata ten a brucelose.

E logo, mentres o home sentía como se lle metía a alma na terra, oíuno, alá, lonxe:

-Síntocho ben... Teño que dar parte.

Mentres rañaba a cabeza da xatiña, o home díxose que a cousa non podía quedar así. Como dixera aquel portugués da televisión? Que a culpa non pode morrer solteira. Eso. Díxoo en voz alta. As vacas oírono todas. E un home non ten máis ca unha palabra.

A decisión

Aquel era un despacho cálido. Non porque o home –as costas domadas no encosto da cadeira, as solas dos zapatos dominando a mesa- tivera unha especial predilección polas cores cálidas: era cousa de Rose, e dos asesores de imaxe. Sempre podía ser necesario que ese despacho saíra á luz pública, que entrara pola retina de millóns de compatriotas daquela muller pálida de aparencia amable coa que compartía algo máis que os lazos do matrimonio e unha grea de fillos que foran nacendo mentres a súa mente se ocupaba dos chanzos da escaleira. O despacho tiña a súa man, ben se coñecía, e por alí onde pasaba, o recendo a revista de decoración lixeiramente demodé exhalaba un bafo tan familiar como era preciso para ocultar o poder omnímodo que atesouraba con avaricia, pronto a o ceibar cunha frase lapidaria, xusto cando a luciña vermella indicara o cambio de cámara, e tiña que lograr nese intre que o seu rostro fora tranquila e severamente ameazador.

Revisou as fotografías dos estantes: aquelas que amosaban a súa historia máis persoal, anque non a máis íntima (esa que nunca quixería que se coñecera) Deulle volta ós marcos, como se unha cámara estivera captando cada movemento, cousa que, efectivamente, acontecía. O operador, alá embaixo ou alá enriba, ou no West Side, ou a milleiros de quilómetros, contemplaría a imaxe dun dubitativo pai de familia, temeroso de adoptar unha decisión perigosa e precipitada, pero firme como unha rocha unha vez escollido o camiño. Mesmo, nun intre, se houbera alguén a ollar, podería afirmar que o home da pantalla pregaba, anque non oíra as súas preces. E sería certo. Porque o home pregaba que as nubes non escureceran o ceo, que o deserto non se levantara para encher de area o horizonte, que o sol non martelara nas cabinas de transporte de tropas, que non houbera baixas – alén das necesarias para comover o suficiente e máis nada os sentimentos patrióticos da maioría da xente- que a cousa fora ben e rápido, que non apareceran catro talabartes erguendo a bandeira de relixión contra o invasor, que... a gloria, como a César, o alcanzara antes que os seus inimigos.

E logo de revisar todas estas cousas no seu caletre, levantou o teléfono. Pensaba no home que lle dera aquela oportunidade, agradecendo un inimigo tan favorable aos seus intereses. Dixéralle a Secretaria de Defensa que Roma invadira Asia Menor logo de que Ariobarzanes masacrara 30000 cidadáns romanos na costa. Que os infelices gregos quixeran arrepoñerse... para acabar deixando Atenas nas mans de Sila. Toda

aquela cháchara universitaria excitábao. Sempre soubera que aqueles pánfilos estirados tiñan formas reviradas de dicir as cousas. El ben sabía que podía moldear a arxila do mundo e tomar para si a parte que quixera. Estaba alí para eso. Aquel sorriso ó darlle luz verde aos cans de presa nunca saíra na TV.

Sentiu o espertador. Había unha miga que estaba esperta. Rente dela, o home era un vulto que respiraba con dificultade. Súa nai diría que roncaba coma un animal -mellor dito: pensaríao e non o diría, como tantas outras cousas que lle calara a seu pai, o coronel James A. Robertson do 7º de Cabalaría. Cando nena, ó ver as pelis de John Wayne, era soar a trompeta e ve-lo rostro de seu pai na pantalla. O outro John, ese co que compartía agora o teito, seguía durmindo. Sempre acordaba tarde, así que decidiu erguerse.

Apurou a mornura da auga quente na ducha: depilárase antonte; a noite anterior fora movida. Sorriu ó lembrar, mentres a auga quente aloumiñaba, con regos audaces, o peito, as nádegas, a ingua... Sacudiu a cabeza, pechou a billa e saíu do baño envolta no algodón mol do albornoz, disposta a estrelar os ovos na tixola, a torrar o beicon e espremer laranxas, que estaban no tempo delas: unhas laranxas grandes, enormes: coma soles, frescas e zumentas.

Nesas andaba cando volveu sentir correr a auga, agora sobre outro corpo, na distancia. Puxo a mesa, e foi sacar da cama ós cativos. Elsebeth ergueuse axiña, coa melena dourada toda espelonada: marabillaba como dúas pasadas de cepillo habían acabar con aquela desorde. O pequeno James non saía ó avó. Era un vagarote: amorriñábase nun vurullo de mantas, retardando a hora de deixar o leito canto podía. Deulle un azoutiño garimoso no pompis e sioulle nunha orella:

- Veña, langrán, que son horas! - e pousoulle un bico na fronte para logo destapalo e marchar de onda él.

Baixou á cociña, para ver aparecer a John, todo elegante no seu traxe. Coma sempre, traía a gravata revirada.

- Anda, desastre! -díxolle, mentres lle refacía o nó e aproveitaba para roubarlle outro bico, antes que lle dera tempo a se queixar que había chegar tarde ó despacho... Veulle un cansazo enorme ás pernas, un peso de toneladas colmáballe os ombreiros. Lembrou as tardes en Fort Gulick, mentres papá instruía os oficiais salvadoreños. John lembráballe a Rafael Pérez Moreno, aquel oficial tan elegante, coma o príncipe Hussayn ibn Basso, aquel árabe co que partillara as clases na academia no 93. Todos con ese aire moreno e distraído... que volvería atopar axiña. Dixérao o presidente. E un soldado ten que ir onde lle mandan. A tenente Beth Jones non lle quedaba por facer máis nada que bicar ós seus fillos que marchaban á escola e coller o petate.

Libertade para Iraq

Muzawi abriu os ollos unha mañá de xaneiro, unha mañá fría de ceo escuro, nunhas montañas perdidas cun nome que ignorou sempre. O único contacto con aquel día era a lembranza duns ollos verdes, e duns beizos que deitaban na súa orella cancións tecidas con palabras tamén esquecidas.

Se ese olvido non presidira cada un dos seus días acaso lembraría visitas a un cárcere, un home tolleito detrás das reixas, a sorna na face dos gardas e a fame de todos os días. Pero esta última borraba calquera idea que puidera agromarlle no caletre, empurrándoo a unha procura sistemática de alimento que comezaba polo hospital, seguía polo mercado e continuaba nos tinacos do lixo do centro.

Nos primeiros tempos, cando Hussayn lle ensinaba os lugares onde podía atopar alivio á queimadura de aquela brasa, todos eran lugares, non de abundancia, pero sí de achádego seguro. Foi cando Hussayn decidira largarse a Baghdad cando a cousa comezara a empeorar.

Vente! -dixéralle. -Baghdad é grande.

Non lle fixera caso. Sempre fora fachendoso e presumido; xa o aturara abondo. Só era un chisco mais grande ca el, e ben que se tiña aproveitado. Nunca máis sería o can de ninguén.

Queres que te obligue?

Ese día abríu por primeira vez a navalla que atopara no tinaco da casa do gobernador. Ensinoulle os oito centímetros de aceiro, e o outro acorouse.

Non te apures, que xa atoparei compañía -espetáralle, recuando.

Desapareceu da súa vida e a soidade chegou como alivio. Dous días despois á xente pegoulle a tolea. Ían ó mercado e amoreaban nos coches todo o que atopaban. Non deixaban ren, nen para o lixo. A banda do Hassan peiteaba cada día o mercado, o hospital, todo... mallaban nun por calquera cousa. O Hassan tíñao enfilado desde... tiña que andar con tino, a horas nas que adoito era inútil rabuñar o metal gris dos contedores. O bandullo proíalle inmisericorde.

A mañá que comezaron os bombardeos estaba raspiñando nun barreño, na traseira do Ministerio da Gobernación. Tiñan unha cociña para os gardas, e alí sempre houbera abundancia. Tamén perigo de que lle botaran o lazo e o meteran ó cárcere. Eles chamábanlle escola, pero aquilo era un cárcere.

Sentiu un asubío por riba da cabeza, despois rebentou o mundo e un xigante arrincoulle unha perna. Non se podía mover. Entre aquela voaxe que lle caía nos ollos sentía cichar o sangue da súa perna na area da calella. E soubo que era o momento de pechar os ollos.

As mañáns de abril en Nova Iork son, por veces, cálidas e amables. John Cuzack abriu a porta do automóbil, pensou na viaxe que agardaba por el e suspirou. Non lle gorentaba nada a perspectiva. Matinara na posibilidade de facer a viaxe en avión, ou no tren, pechar a porta da casa e deixarse levar... Ao decatarse dos días que pasaría, encerrado no bandullo dunha serpe de ferro que atravesaba medio mundo obrigouse a conducir, xa que o avión impedíallo coller o mal trago de había un ano cando... Si, cando a punto de embarcar chegara Rachel convencelo, e ficara e... Non. Non era quen aínda de se subir nun de aqueles aparellos. Compríanlle máis horas de terapia, e non tiña gana de gastar máis cartos en confesións ridículas. Cando o atacaba a ansiedade metíalle ós tranquilizantes. E punto. Así que decidiu afrontar o inevitable e botarse á estrada.

A esas horas, mentres o Sol se espreguizaba, el debía estar chegando ao seu despacho. Recollería un sorriso de Alice e unha taza de café, sentaría na súa butaca con rodas, premería un botón e agardaría, sorbendo grolos negros, que as pantallas amosasen as cotizacións, os prezos, as taxas, as producións, as previsións, as prospeccións... Logo mergullaríase nos datos e riparía a conclusión pertinente. Informaría ó xefe, logo viría a rolda do gabinete, o posicionamento estratéxico da compañía e as novas dos grupos operativos recibiríanse a punto de poder afinar as novas ordes. Ultimamente ocupábo a necesidade urxente de maquinaria pesada. A orde era terminante: aqueles pozos non podían seguir ardendo un minuto máis. Tiña un contacto en Calcuta que...

Fora entón cando soara o teléfono. Unha voz impersoal, aséptica coma loción de barbear, díxerallo. Entrara Bob no buró e sorprendéao grogui. Apampanado. Tiña consciencia de que lle falaba, pero non escoitaba o que lle dicía. Alarmado, chamou por un doutor: a compañía fixérase cargo. Todos foran moi comprensivos. Perder a nai e o irmán o mesmo día: terrible. Acutifárono para mandalo para a casa. E quedou sen a súa parte de tarta: outra ocasión de saquear un país enteiro dificilmente se presentaría. Frank sempre fora un gilipollas. Deixarse matar un día antes de rematar a guerra! E mamá... O susto, claro. O corazón. Acometeuno a furia coa primeira bágoa.

Ahmed suaba. A primavera chegara cedo. A cada ano a primavera chegaba máis cedo, e a calor, aquela calor que o alagaba todo, acompañábaa. Dende a fiestra do hotel contemplaba as rúas, desertas antes do toque de queda, agora levemente punteadas por figuras, diminutas alá embaixo, armadas de kalashnikov e pistolas, ladrando ordes por cada recanto, berrando consignas de lealdade ó sátrapa... Lembrou que sátrapa era unha palabra farsi, e sorriu. Acaíalle ben ó bigotes, era xusto. Sorriu, por primeira vez en toda a noite.

Unha brisiña chegada do nacente mexeulle os cabelos, inusualmente longos; a guerra tivera algo bo: obrigaba a unha indulxencia na indumentaria que non se podía permitir desde os tempos de Londres e a universidade, cando soñar era gratis, ou case. Logo, á volta, atopar que o soños engarraban nas arañeiras, as lealdades e as intrigas. Muhammad tiña pouca paciencia. Berraba en todos os mitins, acalorábase nas reunións do partido: incendiábase de paixón cando descubría un abuso. Logo chegaron as advertencias. Primeiro que non podía seguírlle faltando ó respecto ó delegado. Despois, que o comisario se queixaba, e que non había que torpedear o traballo dos camaradas. Por fin o golpe, e o crápula que consegue todo o poder. E Muhammad berra, esgázase a berrar contra aquel fantoche. El amábao, pensa, mentres se refresca co abano. Un agasallo:

-Para os días de calor.

Trouxérallo de Isbiliya, dunha viaxe que fixera, xa coma secretario de comercio. Aquelo foran os breves bos tempos: cando as palabras procuraban a calor dos soños. Foi despois, dende que o bigotes se apegou á cadeira, cando se conchabaron coa carraxe, coa envexa, para fabricar denuncias. O lume das palabras en voz baixa convocaba estalidos segredos, e as areas volveran beber sangue. Negou que o coñecera. Negou ser seu amigo. Negou ser irmán seu: case chegou, nun intre fugaz, odiar aquela afouteza súa que o entregara á perdición.

Nin sequera puido rescatar o cadáver. Rillaríano os voitres, no deserto, mentres el petaba na porta de Embaixada Británica. Convencérano. Aquel home era moi amable. A vinganza non se alcanzaba dende lonxe. Onte enviara o derradeiro informe, e mentres agardaba, sentindo o rumbar dos avións nas alturas, o estalido da pólvora e as ordes ladradas por aquela figura de relucinte uniforme, Ahmed, o elegante avogado do Ministerio de Planificación, suaba.

Os amigos

O senador Edwrd G. Morton estaba anoxado. Tiña os pés enriba da mesa do despacho, a espalda combada no asento, e rodeábase de silencio. Recibira aquela petición coma un golpe: Robinson era un vello amigo, un colega do despacho de Memphis e aínda máis atrás, un colega de Facultade, de irmandade. E aínda máis atrás o veciño co que enredar, a casa onde escapar das rifas dos pais ou do aborrecimento das tardes sufocantes do verán. Agora presentábase aquilo. Non sabía como pensar, e eso enfurecíao. Se escoitaba a aquel Michael que fora amigo seu, todo tiña sido unha serie de accidentes. Casara con aquela Rose loura que cruzaba diante dos seus xardíns, aquela saia branca e as medias polos xoennlos, aquela que cobizaran tanto no derradeiro verán en Memphis, antes de marcharen a Harvard. E Rose fora unha boa esposa que lle dera catro fillos: dous rapaces e dúas raparigas... Ensináralle unha foto dos bos vellos tempos: alí os estaban, sorrindo, el, ela, e catro gromos de aquela felicidade, tan louros coma eles dous. Algo se torcera naquela loura felicidade o día que David, o pequeno David, regresara de Nova Iork cunha compañeira que, "Eddie, non es quen de imaxinar como... como se me puxo a Rose: nunca crin que se me puidera volver tan... tan...

-Tan Ku-klux-klan

E Michael, aquel Micky de ollos azuis e laica tradición xudea tivo que escoitar na súa propia casa, e de boca do seu amor adolescente.... Edward comprendía. Comprendía o estupor e a debilidade, comprendía a fuxida dos raparigos, comprendía a resurrección daquela rebeldía que fora tamén a súa 30 anos atrás, e mesmo era quen de comprender que a forza daquel desengano empurrara ó rapaz a estudar o Islam que practicaba o pai dela. Comprendía o furor que el partillara con algúns Black Panthers, e agora, todas as loitas de trinta anos aparecíanlle coma un soño. En plena campaña contra Antonio García, aquel chicano intolerante e furibundamente xenófobo (que cousa!. Co presidente máis bobo de todos os tempos emperrado en vingar a afrenta do 11 de setembro e cans coma aquel García ladrando a súa fidelidade á bandeira por todos os recantos... Como podía interesarse por aquel estúpido David incapaz de arredar os sentimentos persoais das confrontacións ideolóxicas ? Oh, si. Guantánamo. Aquel lugar perdido onde centos de homes satisfacían o desexo de vinganza do goberno máis pervertido da historia americana. Calor, dous metros cadrados por home, homes engaiolados coma pitas, tortura de estado sostida polo paladín dunha, cada día máis, pseudo-democracia. Todo cousa sabida. E non era eso o que o anoxaba. O que o anoxaba era que aquela petición de Micky convertía a súa campaña nunha asquerosa batalla persoal e sabía que había perder todos os

combates, porque non se pode loitar contra as emocións. As emocións so podían encauzarse, encanarse e deixalas afogarse nun mar calquera... Xusto o que facía o bobo. Con todo o país pedindo vinganza ¿Como ía gañar as eleccións defendendo un traidor?

Todo cambiara. Si. Todo cambiara. E anoxábao aquela mosca que lle siaba na orella: Quizais sempre foi así. Non te fagas de novas, Eddie: nunca fuche máis ca un cabrón cobizoso metido nun traxe elegante

Fátima non tiña moitas amizades. Non era doado atopar amizades sendo a muller dun policía. Era incapaz de comprender aquel medo que desprendían as faces dos veciños ó ver chegar ó seu home, vestido de uniforme. Era un home bo, xeneroso ata extremos increíbles. Se a xente soubera o bo que era seu home! Se eles souberan canto se sacrificaba por ela e polos fillos: as horas de traballo que facía para que non lles faltara de nada, os galanos que tiña sempre dispostos... Mesmo agora, no máis difícil dos momentos, cando nin sabía onde andaba, alistado en calquera batallón ou gardando a calquera persoeiro, estaba certa de que, se en dando a volta da esquina aparecía e a sorprendía coa ola na cabeza, camiño da fonte, reprenderíaa.

Non ves que non é seguro? Que había ser de nós se che pasara algo?- diríalle, collería a ola e el mesmo iría á fonte.

A cousa é que había dous días que non parecía, que non daba sinal de vida, e entre eso e que as bombas se achegaban cada vez máis á casa traía o corpo desarranxado, pesáballe a cabeza e inaba con dificultade. A cacharrada amoreábase no pilanco -era a décima vez en dous días que quedaban sen auga- e anque lle tivera insistido en que non saíra da casa por cousa ningunha, ela sabía que dilapidar a auga das botellas para ter sequera un prato limpo non era boa política. Que anque - Alá sexa louvado- non lles faltara de nada, tampouco lles nacían as moedas na faldriqueira, así que, un chisco por esto e un chisco por aqueloutro, botárase ó camiño, por unha ola de auga, da fonte ou do río, que tampouco caía tan lonxe, se a fonte non estiñara.

E estiñar a fonte, non é que estiñara. O caso é que onde había estar a fonte, había un buraco. Redondo, pero un buraco. Un can laiábase, caiñaba, na orela daquela pozaca tinguída de vermello do fondo. O can tiña unha ferida moi fea na cabeza... Non quixo seguirlle mirando. Por sorte aquela bomba non debía ter collido xente, e leda con esa certidume, colleu cara o río. Agora estaba de volta, deixara atrás o burato, e sentiu tronar o ceo. os avións volvían. Sentiu asubíos e estoupidos. Erguíanse fumeiras ben preto da casa, e, coma unha tola, tirou coa cántara e pegou a correr. O demo abrira a casa pola metade, e no segundo andar podía ver a súa cociña: a mesa branca que el mercara ós poucos de casaren e aquela media botella de auga que non quixera gastar en fregar a louza. Louca, pegou a berrar os nomes dos seus fillos.

Non cumpría facer moito gasto. As imaxes chegaban soas. Non cumpría sequera aferrarse a un rostro, a unha face rescatada do telediário ou apreixar unha anécdota brincando no xornal. Por veces, nin sequera lle cumpría un nome. Vía desfilar aqueles pares de ollos: enloitados, ensanguinados, enrabechados, a tristurados, enfebrecidos... En calquera recanto onde pousara a vista, un obxecto cotián sacaba a navalla e abríalle o peito. A lámpada de Omar, o carpinteiro, nin sequera tiña procedencia árabe: non era máis ca unha lámpada vulgar, mercada nun bazar tan esqucido como todos os bazares, un resto acaso dun amor de nai obsesivo e apremante:

- Como vas ler sen luz? Xa che mercarei unha lámpada!

e a luz, un pedazo de madeira, aquela cachapelada do carallo, volvíase a perna roída polos vermes de Alí; aquela perna perdida en Basora, no medio das lagorzas, nun inverno doutra guerra. Non coma esta: unha guerra de homes que se comían a tiros. Non como agora que se queiman desde o ceo.

Retirando os ollos da lámpada descubre, na esquina dereita da mesa da saliña, unha revista abandonada alí pola súa muller. Unha casa de cores vivísimas alampa na capa. Súpeto, a casa esboura, e por tras do ladrillo esfachicado aparece un tanque Abrams que, perturbado pola branca ameaza dun pano de cociña, detense un segundo. Hai unha moza abaneando o pano. Ten o cabelo louro: non parece estar no seu sitio. Ou si. Ela fai acenos coa brancura, por ver se a luz fora quen de deter tanta estupidez. A estupidez sempre se abre camiño, recorda a muller, un intre antes de sentírense renxer as cadeas do tanque. Fumegan os tubos de escape, o pano arrandéase no ar, a penas a un metro do aceiro, e un corpo diante dunha besta, coma en Pekin ¿lembras? e as toneladas de miseria arrincan faíscas do ferro escaso no forxado derruído, ao subiren ao encontro da moza. O dragón avanza esmagando aquela carne loura, dezanove anos, ilusión e fantasía, dicíalle Mrs O'Connor a aquela nena:

Non tes máis ca ilusión e fantasía nesa cabeciña!

aquela nena que fora había quince anos a un kinder en Ohio, mentres os esbirros da primavera varrían da pradeira a canción dos bisontes. Mrs O'Connor non poderá nunca identificar os osos de Kate Rawlins, cuspidos polas cadeas do tanque, xa que esas imaxes ferirían a súa delicada sensibilidade. Cando reciba a nova da morte de Kate en Israel, a pobre señora O'Connor so atinará a exclamar

Moi propio da pobre Katie casar tan lonxe: sempre foi extravagante.

E Mrs. Nithingale so poderá dicirlle, con ollos cansos de vasoirar a borralla dos habanos de contrabando de seu home:

Ultimamente seica che andaba cunha xente moi rara...

E non sabe como se lle ven á cabeza a culleriña de prata mangada no Savoy, aquela vez que...

Dálle outra volta ó café no pozillo, contempla os titulares do xornal, desvía con noxo a vista e bate nese zapato que asoma, tímido, do caixón: podía ser o de Ahmed, ese que perdera ó saír correndo do mercado...

Un golfarón de saudade asalta a pluma, e de seguido, un vómito negro inza no papel. Palabras para o lixo.

-E que máis ten?- pregúntase- E que máis ten?

Epílogo?

Un lugar na historia

Aquela mañá, Antonio García preguntouse onde estivera nos últimos corenta anos. Tivo que facer un esforzo de memoria grande para lembrar con que pouca gracia paseaba os pantalóns curtos pola beirarrúa da Avenida do Uruguá; aquela beirarrúa que morría nas silveiras dun ermo que fora viña, onde se amoreaban, baleiros, botes de leite condensado, cascas podres de laranxa e outros restos de miseria, colleitados pola muller azul que cavaba nos tinacos da varredura para alimentar os dezaseis gatos que acompañaban a súa soidade sucia e voluntariamente desamparada. Daquela as pelotas eran de plástico: envoltorios recheos de papelada que patexar nas tardes longuísimas de verán, aloumiñando cos ollos as saias curtas da Mariló, aquel prodixio de elegante desprezo que atravesaba a espesura das miradas aínda case adolescentes, e cando, máis adiante, o xogo da vida a arredou daquel peirao abandonado, non quedou consolo para enfrontar as desidias torpes dos músicos da orquestra, aquelas melodías nostálxicas e patrioteiras, con sabores amargos a tabaco rancio e navalladas nos recantos. Fóra daquela cando todos comprenderan cal era a súa única esperanza e como quedaba de lonxe. Que foran criados, Antonio e os demais, como froito dunha fuxida para consumir outra destrución. As palabras cruzaban o caletre coma paxaros, pero o pouso que deixaban chamábase adeus. Coma todos, tamén o Antonio soñara con marchar. As horas da escola chamábanse Río de la Plata, Hannover, Madrid ou Barcelona. Algunha vez Bilbao ou Vitoria. México. O mundo tinxíase de prata con sabor a cuba-libre mentres atravesaba ensoños: un home na lúa, a liberdade, o recendo picante da sexualidade desbordada nas portadas das revistas, e aquela rechifla do Mundial, gañado polos italianos... ou foran outros? Quen lembra xa, pese á efusión de adxectivos, as pernas de Paolo Rossi? As da Manuela eran máis quentes, delgadas coma arames, si, apertaban coma pexos o ventre seu, tan escaso de ilusións. Aquelo fóra antes do servizo, do ano empantanado entre garitas e hachís, cartas perdidas no fío do tempo e chamadas telefónicas con sabor metálico:

¿Como estás?

Ben. Hai que ilo levando... ¿e vós?

Os pais regresaran, por fin, para ocupar o niño labrado na rocha de asfalto con milleiros de horas extra e deutsche marks sacados do pelico, cansos de esfarelar a vida, de desfacela en xerfas fuxidías contra o coído acedo da miseria. Regresaban

triunfantes, sobre o fulgor medido en metros cadrados de planta, centímetros cúbicos de cilindrada e, ilusionados cun futuro de sosego, obrigaran ó Antonio a cambiar a perspectiva do mundo á que se afixera cos avós: trasladárano ó outro lado da barra, ampliando a súa perspectiva, reducida ata entón ó sabor doce do ron con coca-cola e ó salgado dos desafogos apurados no BMW. Naquela pantalla enorme cabían todos os estadios, que é coma dicir todas as esperanzas que poden emboligarse en cervexa; as portas empezaron a abrirse cada vez máis lixeiras e co fume, amoreábanse os cartos na caixa. Era, en chegando á cama, un home desfeito que aínda podía refacerse, estirarse coma un fío, atarse á cintura breve da Manuela e gallopar cara ó solpor, cara ó solpor, cara ó solpor... Aquelas horas trouxeran ó Xan e á Jennifer: metéraselle entre os cornos de lle chamar así á nena; xa a cintura perdera levidade e gañaran os corpos e os ánimos galbana, que máis tiña? pensara daquela, xa abandonado a cumprirlle o gusto, enterrado o pai e canso de escoitar á muller berrar coa sogra mentres os raparigos desaparecían por tras daquela morea de libros...

Antes, cando remexía nas cousas -moi de tarde en tarde- sempre acordaba esquecer todo. ¿Non se resolvera sempre todo e ben? Todo había marchar ben. Non podía ser doutra maneira. Xa pasara por épocas malas. Lembraba os contos do pai sobre os garigolos nos que amoreaban a xente en Hannover: da casa á fábrica, da fábrica á casa; e as palabras do avó sobre a fame do país, e tiña por certo que ningunha desas narracións era a súa patria. Mantiña só delas a constancia de ter habido sempre anos bos e malos, colleitas mellores e outras máis ruíns. Había que escapar como se podía: había tres meses que o bar non daba un patacón, e o rapaz... que outra saída tiña? Con aquel lixo negro pintando os coídos, coas lanchas apertadas coma sardiñas na ría, e co baixón que de seguro había pegar o turismo bastante tiña el con sacar para eles e máis para a rapaza, que, esa si, apegábenselle algo máis os libros nas mans e parecía que podía facer carreira... El tamén o pasara ben no exército. Non pegara golpe, e se había que obedecer, obedecía e punto. Case o animara a apuntarse. Total: onde había ir pegar tiros? ¿Canto había da última guerra? ¿Sesenta anos? Cobrar por non facer nada: mellor era facelo na casa con cargo ó Concello, o conto é que ó rapaz tiráballe aquilo...

Apertou a postal contra o peito e chorou. Aquela había ser a última.

O nome dunha cidade distante desfíxose entre pingas de auga con sal.